



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Anuncio

Faise público o acordo do Tribunal de convocar a todos os aspirantes que superasen o terceiro exercicio da oposición para a realización do **cuarto exercicio (proba de intelixencia e probas de personalidade das probas psicotécnicas)**, segundo as bases que se aprobaron mediante a resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2024003761, de 18 de xullo.

A primeira parte das probas realizarase o día **8 de xaneiro de 2025, mércores, no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos 28, Liáns)**, onde comezará o chamamento público ás **09:30 horas**. Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI ou a documentación acreditativa equivalente, así como lapis do núm. 2 e bolígrafo azul ou negro.

A segunda parte das probas (**contestación a un cuestionario formulado verbalmente**), terá lugar na data do **9 de xaneiro de 2025, xoves, no Aula do Cuartel da Policía Local de Oleiros** (rúa Francisca Herrera 10 baixo, 15173, Oleiros), onde comezará o chamamento público ás **09:30 horas**. Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI ou a documentación acreditativa equivalente.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe por Marcos Veiga Rodríguez, secretario do tribunal.

